

VICERREITORÍA DE OFERTA DOCENTE E
ESPAAO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado
Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado
Pavillón Estudantil. Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS PARA O ALUMNADO MATRICULADO NOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO DO REAL DECRETO 778/1998 (TERCEIRO CICLO)

Curso académico 2009/2010

A Universidade de Santiago de Compostela fai pública a convocatoria de bolsas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos para o alumnado do terceiro ciclo matriculado nos programas de doutoramento do RD 778/1998, correspondente ao curso 2009/2010, consonte ás seguintes

BASES

PRIMEIRA. SOLICITANTES

Poderán solicitar estas bolsas as persoas matriculadas no curso académico 2009/2010 na etapa de formación de calquera dos programas de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela, tanto no período de docencia (primeiro ano) como no período de investigación (segundo ano). Quedan excluídas desta convocatoria as persoas que xa acadaran o DEA ou o título de Doutor/a.

SEGUNDA. CONTÍAS

O importe de cada axuda será o equivalente ao aboado polo/a beneficiario/a en concepto de prezos públicos por servizos académicos naqueles cursos, seminarios ou traballos de investigación tutelados de terceiro ciclo nos que tivese formalizada a matrícula no momento de resolver as solicitudes, **ata un máximo de 6 créditos no período de docencia e de 12 no período de investigación**, liquidándose segundo os prezos fixados polo Decreto 358/2009, do 9 de xullo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para os estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2009/2010 (DOG do día 22 de xullo de 2009).

En ningún caso o importe da axuda poderá ser superior ao da liquidación que por prezos públicos fose realizada polos/as solicitantes.

A contía global dos recursos asignados a esta acción será o crédito consignado na aplicación presupostaria **5501.4824.48400** do orzamento de gastos da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2010.

TERCEIRA. SOLICITUDES, LUGAR DE PRESENTACIÓN E PRAZO

- O **impreso de solicitude** estará dispoñible: no Campus de Santiago, na Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, (Pavillón Estudantil-Campus Sur); no Campus de Lugo, na Vicexerencia (Edificio Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros, Campus Universitario), e na páxina web <http://www.usc.es/cptff/>

- **As solicitudes presentaranse** nos Rexistros Xerais da Universidade: o de Santiago, sito no Colexio de San Xerome, s/n, 15782, e o de Lugo, sito na Vicexerencia de Lugo, (Edificio Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros, Campus Universitario), 27002, nos Rexistros Auxiliares das Unidades de Xestión Académica, o do Campus Sur sito no edificio do Pavillón Estudantil e o do Campus Norte sito no Burgo das Nacións, ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- O **prazo de presentación** de solicitudes abranguerá desde o día 2 de novembro de 2009 ata o 11 de xaneiro de 2010.

CUARTA. DOCUMENTACIÓN

Todas as solicitudes deben vir debidamente cubertas e acompañadas da documentación que deseguido se especifica:

- O alumnado español: copia do DNI do/da solicitante e dos membros da familia maiores de 14 anos
- O alumnado estranxeiro: Copia do NIE do/da solicitante
- Copia da folia do libro de familia dos/das menores de 14 anos

- d) Documento do banco no que conste os códigos de entidade, oficina, nº de conta e díxito de control. O/A solicitante debe ser titular desa conta.
 - e) Certificado de convivencia do Concello no que figuren todos os membros que vivan no domicilio familiar, incluído o/a solicitante.
 - f) Xustificante de ingresos obtidos pola unidade familiar no estranxeiro no ano 2008, de ser o caso.
 - g) O estudantado estranxeiro comunitario deberá presentar certificado de vida laboral referido ao exercicio de 2008.
 - h) Nos casos no que o/a solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar documentalmente esta circunstancia, achegando xustificante de ingresos dos anos 2008 e 2009 ou vida laboral, e aluguer ou propiedade da residencia nos anos 2008 e 2009. De non xustificar suficientemente estes extremos, a solicitude será obxecto de denegación.
 - i) Xustificación de viuvez, soltería, separación ou divorcio do pai ou da nai do/a solicitante.
 - j) Xustificante de orfandade absoluta do/a solicitante.
 - k) Xustificante da condición e grao de minusvalía dos/das irmáns/irmás do/a solicitante maiores de 25 anos
 - l) Os/as solicitantes que realizaron o primeiro e/ou o segundo ciclo nunha universidade diferente á de Santiago de Compostela deberán presentar:
 - Se os estudos foron cursados nas universidades de A Coruña e Vigo: certificación coa nota media segundo o Protocolo de Colaboración asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo (DOG do 23 de marzo de 2005), para a valoración de expedientes académicos, no que figure todas as materias cursadas, as súas cualificacións e as convocatorias consumidas.
 - Se os estudos foron cursados nunha universidade fóra da Comunidade Autónoma de Galicia: Certificación Académica Oficial (CAO) de estudos na que figuren todas as materias cursadas, as súas cualificacións e as convocatorias consumidas.
 - m) Calquera outra documentación acreditativa de circunstancias persoais que se estime de interese.
- A ocultación ou falseamento dos datos declarados implicará a perda da bolsa.**

QUINTA. REQUISITOS

1. De carácter xeral:

1. 1. A presente bolsa non poderá ser gozada máis de dous cursos académicos.
1. 2. Para que o alumnado estranxeiro comunitario poida obter algunha das bolsas convocadas por esta resolución é requisito imprescindible, de acordo co artigo 4. 1. d) do Real decreto 1721/2007, de 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas e o artigo 10 da Orde do Ministerio de Educación, EDU/1901/2009, de 9 de xullo, pola que se convocan bolsas de carácter xeral e de mobilidade para o curso académico 2009-2010, para estudantes de ensinanzas universitarias, que o propio alumnado ou os seus sustentadores estiveran traballando en España no ano 2008.

2. De carácter académico:

Terase en conta a nota media simple do expediente académico de 1º e 2º ciclo, é dicir, a nota media obtida considerando exclusivamente as convocatorias efectivamente consumidas e cualificadas con "suspenso, aprobado, notable, sobresaliente, matrícula de honra" ou os seus equivalentes numéricos, segundo o establecido na Resolución reitoral do 19 de abril de 2005, pola que se aplica na USC o Protocolo de Colaboración asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo (DOG do 23 de marzo de 2005), para a valoración de expedientes académicos.

Só serán tidas en conta, para o cálculo da nota media, as materias que correspondan a unha única titulación e especialidade.

3. De carácter económico:

Virá dado pola **Renda Persoal Dispoñible (RPD)** do/da solicitante que é o resultado de dividir a **renda familiar** entre os **membros computables** da unidade familiar.

A **renda familiar** do/a solicitante, obterase pola agregación das rendas do exercicio 2008 de cada un dos membros computables da familia e determinase de acordo co punto terceiro do artigo 11 da Orde EDU/1901/2009, do 9 de xullo, antes citada que di: "Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes a exercicios anteriores a 2008, así como o saldo negativo de rendimentos do capital mobiliario que constitúen a renda do aforro correspondente a 2007. Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación."

É dicir, calcúlase da seguinte forma:

- Para rendas con declaración: cuadrículas 450+452-454+457+460-741
- Para rendas sen declaración: ingresos brutos de todo tipo (salarios, rendementos do capital mobiliario, etc.), menos deducións e retencións.

Son membros computables da unidade familiar: os pais, o/a solicitante, os/as irmáns/ás solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2008, ou os/as de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, así como os/as ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os/as anteriores co certificado municipal correspondente.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel/a deles que non conviva co/a solicitante da bolsa. Non obstante, de ser o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador/a principal, o/a novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas se incluírán dentro do cómputo da renda familiar.

No suposto de que o/a solicitante sexa maior de idade e se atope en situación de acollemento, terá a consideración de non integrado/a na unidade familiar para estes efectos.

Se o/a solicitante alega a súa independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar documentalmente esta circunstancia, segundo se recolle na base Cuarta h) desta convocatoria. Para determinar os medios económicos utilizarase como referencia o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), que anualmente aproba o Goberno.

De acordo con este cálculo:

A renda persoal dispoñible non pode superar os **9.000€**, sendo a equivalencia en puntos:

Con RPD hasta			2.500 €	4 puntos
Entre	2.500,01 €	e	3.800 €	3 puntos
Entre	3.800,01 €	e	5.050 €	2 puntos
Entre	5.050,01 €	e	6.500 €	1,5 puntos
Entre	6.500,01 €	e	8.999 €	1 puntos
Con RPD por encima de			9.000 €	0 puntos

Para o cálculo da puntuación final sumaranse os resultados dos requisitos académicos e dos económicos e dividiranse entre dous.

SEXTA: AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA

A presentación da solicitude para esta convocatoria implicará a autorización á Universidade para obter a través das correspondentes administracións tributarias, os datos necesarios para determinar a renda familiar dos membros computables da familia do/a solicitante, así como aquelas outras informacións acreditativas das situacións persoais alegadas e que estean en poder dalgunha Administración Pública..



Para iso é imprescindible que as solicitudes sexan asinadas por todos os membros computables da familia

No caso de que a solicitude sexa formulada por persoas que formen parte de unidades familiares nas que as administracións tributarias non dispoñan de datos, será o/a propio/a solicitante quen deba aportar información fidedigna sobre a situación económica de renda da súa unidade familiar.

Do mesmo modo, si existisen dificultades técnicas que impidan ou dificulten a cesión dos datos por parte das administracións tributarias, requirirase ao/a solicitante a presentación do certificado resumo da declaración anual do imposto sobre a renda das persoas físicas ou o certificado de imputacións, de ser o caso, dos membros computables da súa familia.

SÉTIMA. SELECCIÓN DE SOLICITANTES

A selección de solicitantes será efectuada pola Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado, do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, atendendo aos requisitos establecidos na convocatoria. No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao dos recursos asignados para esta acción éstas serán ordenadas en función da puntuación final, outorgándose as axudas a quen obtivese maior puntuación ata o esgotamento do crédito dispoñible.

No caso de empate entre dous o máis solicitantes, será dirimente a renda persoal dispoñible máis baixa.

OITAVA. PEDIMENTO DE DATOS, LISTA PROVISIONAL E LISTA DEFINITIVA

Todas as listas e relacións ás que se refire este punto serán publicadas nos taboleiros de anuncios: do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, nos das Unidades de Xestión Académica, nos da Reitoría da Universidade de Santiago e do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (Casa de Catedráticos-Campus Sur), na Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo, así como na páxina web <http://www.usc.es/cptf/>, de acordo co seguinte calendario:

1. Pedimentos de datos e documentación

O día 19 de febreiro de 2010 farase pública a lista co alumnado que ten que achegar os datos e a documentación que a Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado considere necesaria para a resolución da súa solicitude.

O prazo para a subsanación será ata o día 12 de marzo de 2010.

2. Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as

A lista provisional de solicitantes admitidos/as, con indicación da puntuación media final obtida, e de excluídos/as, coa mención da causa de exclusión, será publicada o día 20 de abril de 2010.

Os/as interesados/as poderán presentar alegacións, ata o día 3 de maio de 2010.

3. Lista definitiva

O día 18 de maio de 2010 publicarase a lista definitiva dos/das beneficiarios/as aos/as que se lles concede a axuda para a matrícula do terceiro ciclo, a lista de agarda para o caso de renuncias e reintegros e a lista de excluídos/as.

Rematados os prazos establecidos nesta convocatoria, consideraranse inadmitidas todas as solicitudes presentadas fóra deles, procedéndose, polo tanto, ao seu arquivo.

NOVENA. PAGAMENTO DAS AXUDAS

A cada beneficiario/a que ata o día 25 de maio de 2010 non renuncie expresamente á bolsa, aboaráselle o importe delas no número de conta bancaria que fixo constar na solicitude. No caso de presentación de renuncia procederase a adjudicar a bolsa ao/a primeiro/a da lista de agarda.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN

A concesión desta axuda poderá ser modificada no caso de ser concedida a alumnos/as que non reúnan algún ou algúns dos requisitos establecidos ou incorran en ocultación ou falseamento de datos. Neste caso o/a alumno/a deberá reintegrar o importe da axuda.



**VICERREITORÍA DE OFERTA DOCENTE E
ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR**

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado
Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado
Pavillón Estudiantil. Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela

UNDÉCIMA. OBRIGA DOS/DAS BOLSEIROS/AS

O feito de ser solicitante destas axudas obriga a estar matriculado/a, no presente curso académico, no terceiro ciclo e a ter efectuado o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos dos cursos, seminarios e traballos de investigación tutelados correspondentes á matrícula do programa no que foi admitido/a.


DUODÉCIMA. INCOMPATIBILIDADES

Esta bolsa é incompatible con calquera outra axuda, bolsa, etc. que obteña o/a solicitante de calquera administración, entidade pública ou privada, nese caso deberá comunicalo á Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2009

**O VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E
ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR**
(P.D., R.R. de 31 de xullo de 2007)




Máximo Pió Casasús

Sra. Secretaria Xeral / Sr. Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo / Vicexerencia do Campus de Lugo / Sr. xefe do Servizo de Xestión Académica / Sr. xefe do Servizo de Contabilidade e Presupostos / Sr. xefe de Sección de Terceiro Ciclo / Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua.



SERVIZO DE AXUDAS E SERVIZOS AO ALUMNADO

Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado
Pavillón Estudantil • Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela

Espazo reservado para o selo do Rexistro de Entrada

CURSO ACADÉMICO 2009-2010
SOLICITUDE DE BOLSA PARA O PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS
POR SERVIZOS ACADÉMICOS PARA O ALUMNADO DO TERCEIRO CICLO (RD 778/1998)

DATOS QUE TEN QUE CUBRIR O/A ALUMNO/A

PRIMEIRO APELIDO				SEGUNDO APELIDO					
NOME				NIF / NIE		TELÉFONO FIXO			
DATA DE MACEMENTO:									
TELÉFONO MÓVIL		E-MAIL							
TIPO DE VÍA (RÚA, AVENIDA, RONDA, PRAZA, ETC.) E NOME				NÚMERO		ESCALEIRA	PISO	LETRA	
CÓDIGO POSTAL		LOCALIDADE		PROVINCIA					
LICENCIADO/A EN:				MATRICULOUSE NO CURSO 2007/08 DO TERCEIRO CICLO EN:					
				(sinalar cun X onde corresponda)		<input type="checkbox"/> PRIMEIRO CURSO	<input type="checkbox"/> SEGUNDO CURSO		
NÚMERO DE CRÉDITOS MATRICULADOS NO TERCEIRO CICLO DURANTE O CURSO 2008/2009:						EXP.	NON EXP.		
NÚMERO DE CRÉDITOS MATRICULADOS NO TERCEIRO CICLO DURANTE O CURSO 2009/2010:									
FOI BOLSEIRO/A DESTA AXUDA		SI	NON						
NO CURSO 2007-2008		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>						
NO CURSO 2008-2009		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>						

ACEPTACIÓN DA BOLSA PARA O PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS PARA O ALUMNADO DO TERCEIRO CICLO DURANTE O CURSO 2009/2010

O/A alumno/a D/Dna. _____ con NIF _____, e o seu pai ou a súa nai D/Dna. _____ con NIF _____,

DECLARAN BAIXO RESPONSABILIDADE SOLIDARIA:

- Que aceptan as bases desta convocatoria.
- Que teñen coñecemento da incompatibilidade destas bolsas, e que no caso de obter outra bolsa ou axuda de calquera administración, entidade pública ou privada, o comunicará á Sección de Bolsas e Axudas ao alumnado desta universidade.
- Que teñen solicitadas as seguintes bolsas e axudas _____

En _____, a _____ de _____ de 200

O/A SOLICITANTE

O PAI OU A NAI

Asdo: _____ Asdo: _____



Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado
Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado
Pavillón Estudiantil • Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela

Espazo reservado para o selo do Rexistro de Entrada

RESGARDO DA SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS PARA O ALUMNADO DO TERCEIRO CICLO (RD 778/1998)

D/Dna. _____ DNI / NIE _____
O/A alumno/a solicitante

Centro no que presentou a súa solicitude: _____

ESTE RESGARDO NON É VÁLIDO SEN O SELO E A DATA DA OFICINA RECEPTORA.

DOCUMENTACIÓN QUE SE TEN QUE ENTREGAR COA SOLICITUDE

- O alumnado español: copia do DNI do/da solicitante e dos membros da familia maiores de 14 anos
- O alumnado estranxeiro: Copia do NIE do/da solicitante
- Copia da folia do libro de familia dos/das menores de 14 anos
- Documento do banco no que conste os códigos de entidade, oficina, nº de conta e díxito de control. O/A solicitante debe ser titular desa conta.
- Certificado de convivencia do Concello no que figuren todos os membros que vivan no domicilio familiar, incluído o/a solicitante.
- Xustificante de ingresos obtidos pola unidade familiar no estranxeiro no ano 2008, de ser o caso
- O estudantado estranxeiro comunitario deberá presentar certificado de vida laboral referido ao exercicio de 2008
- Nos casos no que o/a solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar de forma fidedigna esta circunstancia, os medios económicos cos que conta e a titularidade ou aluguer do seu domicilio que, para todos os efectos, será o que habite durante o curso académico. De non xustificar suficientemente estes extremos, a solicitude será obxecto de denegación
- Xustificación de viuvez, soltería, separación ou divorcio do pai ou da nai do solicitante.
- Xustificante de orfandade absoluta do/da solicitante.
- Xustificante da condición e grao de minusvalía dos/das irmáns/ás do solicitante maiores de 25 anos
- Os/as solicitantes que realizaron o primeiro e/ou o segundo ciclo nunha universidade diferente á de Santiago de Compostela deberán presentar:
 - Se os estudos foron cursados nas universidades de A Coruña e Vigo: certificación coa nota media segundo o Protocolo de Colaboración asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo (DOG do 23 de marzo de 2005), para a valoración de expedientes académicos, no que figure todas as materias cursadas, as súas cualificación e as convocatorias consumidas.
 - Se os estudos foron cursados nunha universidade fóra da Comunidade Autónoma de Galicia: Certificación Académica Oficial (CAO) de estudos na que figuren todas as materias cursadas, as súas cualificacións e as convocatorias consumidas.
- Calquera outra documentación acreditativa de circunstancias persoais que se estime de interese.

A ocultación ou falseamento dos datos declarados implicará a perda da bolsa.

PEDIMENTO DE DATOS, LISTA PROVISIONAL E LISTA DEFINITIVA

Todas as listas e relacións ás que se refire este punto serán publicadas nos taboleiros de anuncios: do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, nos das Unidades de Xestión Académica, nos da Reitoría da Universidade de Santiago e do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (Casa de Catedráticos-Campus Sur), na Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo, así como na páxina web <http://www.usc.es/cptff/>, de acordo co seguinte calendario:

- Pedimentos de datos e documentación**
O día 19 de febreiro de 2010 farase pública a lista co alumnado que ten que achegar os datos e a documentación que a Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado considere necesaria para a resolución da súa solicitude.
O prazo para a subsanación será ata o día 12 de marzo de 2010.
- Lista provisional de admitidos e excluídos/as**
A lista provisional de solicitantes admitidos/as, con indicación da puntuación media final obtida, e de excluídos/as, coa mención da causa de exclusión, será publicada o día 20 de abril de 2010.
Os/as interesados/as poderán presentar alegacións, ata o día 3 de maio de 2010.
- Lista definitiva**
O día 18 de maio de 2010 publicarase a lista definitiva dos/das beneficiarios/as aos/ás que se lles concede a axuda para a matrícula do terceiro ciclo, a lista de ágarda para o caso de renuncias e reintegros e a lista de excluídos/as.